



FUNCIÓNS DOS DELEGADOS/AS DE GRUPO E DA XUNTA DE DELEGADOS

(Artigos 107º ó 115º do regulamento orgánico dos IES, Decreto 324/96, DOG do 9/8/97)

Funcións da/o Delegado/a do grupo

1. Ser o portavoz das inquietudes e dos problemas do grupo diante do titor e dos/as profesores/as.
2. Representar ós/as compañeiros/as e facer chegar ó profesorado as opinións, suxerencias e decisións do grupo.
3. Coordinarse cos demais delegados e asistir ás reunións que se celebren para organizar actividades ou discutir problemas conxuntamente.
4. Manter un contacto permanente de comunicación en ámbolos dous sentidos cos representantes do Consello Escolar.
5. Informar sempre ós/Ás seus/súas compañeiros/as do que se trata e decide nas reunións ás que asiste, así como de outras cuestións que o grupo deba coñecer.
6. Loitar para que o alumnado vexa respectados os seus dereitos e contribuír a que cumpran os seus deberes.
7. Colaborar nunha serie de tarefas cotiáns que son necesarias para a boa marcha do grupo.
8. Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do instituto.

Dereitos do delegado/a de grupo

1. Dereito a recibir información (dos cargos directivos, do/a titor/a, do profesorado, dos representantes do Consello Escolar, etc.).
2. Dereito a utilizar –procurando que iso interfira o menos posible nas súas obrigas académicas- ó tempo necesario para o desenvolvemento das súas funcións. En tal senso, necesita a comprensión do profesorado e o recoñecemento e colaboración dos/as compañeiros/as.
3. Dereito a descargar parte das súas tarefas no/a Subdelegado/a e nas comisións que poidan constituírse no grupo, sempre que haxa acordo sobre isto.



Xunta de Delegados/as do alumnado

- Nos institutos de ensino secundario, existirá unha xunta de delegados/as do alumnado que estará integrada por:
 - Delegados/as representantes do alumnado dos distintos grupos.
 - Representantes do alumnado no Consello Escolar.
- A Xunta de Delegados estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes. As funcións do delegado/a presidente desta xunta serán:
 - Convocar as reunións que se precisen.
 - Presidir as reunións e coordinar as mesmas.
 - Responsable de que se levanten actas das reunións.
 - Facer chegar as propostas da xunta ós órganos de dirección ou coordinación didáctica do centro.

Funcións da Xunta de Delegados/as

- a) Elevar ó equipo directivo propostas de para a elaboración do proxecto educativo do instituto.
- b) Informar ós representantes do alumnado no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- c) Recibir información dos representantes do alumnado no Consello Escolar sobre temas tratados nel, e das organizacións, federacións e confederacións estudiantís e xuvenís.
- d) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou a petición deste.
- e) Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia.
- f) Informar ó alumnado do centro das actividades da xunta de delegados/as.
- g) Formular propostas á xefatura de estudos para elaboración dos horarios e á vicedirección para a organización das mesmas.
- h) Debater asuntos que vaia a tratar o Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución ós representantes nel.

Dereitos da Xunta de Delegados

Cando o solicite, a Xunta, en pleno ou en comisión, polos órganos de goberno do instituto en asuntos como:



- a.- Celebración de probas e exames.
- b.- Establecemento e desenvolvemento de actividades de participación de tódolos profesores/as.
- c.- Presentación de alegacións e reclamacións nos casos de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do equipo docente do instituto.
- d.- Alegacións e reclamacións sobre a eficacia na valoración do rendemento académico do alumnado.
- e.- Proposta de sancións ós alumnos/as pola comisión de faltas que leven aparellada a incoación de expediente.
- f.- Libros e material didáctico que sexa obrigatorio utilizar no instituto.
- g.- Outras actuacións e decisións que afecten de modo específico ó alumnado.